
1837-1885

Rosalía de Castro

Escritora, pensadora e poeta galega, considerada a máis ilustre figura da lírica moderna e unha das máis altas da poesía española do século XIX. Foi unha das principais figuras do Rexurdimento galego do século XIX. O 17 de maio, Día das Letras Galegas, celébrase co gallo de ser a data de edición da súa obra de poesía *Cantares gallegos*, publicado en 1863 en Vigo, na imprenta de Juan Compañel na rúa Real.



MÁS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1820-1893



Concepción Arenal

A ferrolana está considerada unha das pensadoras máis lúcidas e prestixiosas do século XIX dentro e fóra do país. Foi a primeira muller en asistir á universidade como oínte en Dereito. Xornalista, poeta e autora dramática galega, foi a precursora do feminismo en España, rebelándose contra a tradicional marxinación do sexo feminino, e reivindicando a igualdade en todas as esferas sociais para a muller.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1902-1984

Sofía Novoa

Musicóloga e mestra nada en Vigo onde iniciou os seus estudos musicais. En 1918 marcha a Madrid para continuar coa súa formación e examinarse por libre no Real Conservatorio de Madrid. En 1925 titulouse en Solfexo, Harmonía e Piano con premio extraordinario. Ampliou estudos en Lisboa, París e EE UU e en 1949 obtén a licenciatura e doutoramento na Universidade Complutense de Madrid.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1923-2022



Antía Cal

Pedagoga nada na emigración cubana, foi unha das fundadoras, en 1961, da Escola Rosalía de Castro, que dirixiu seguindo os criterios das novas técnicas pedagóxicas recomendadas pola UNESCO, cun ensino bilingüe castelán-inglés. O seu proxecto educativo baseábase na coeducación, psicoloxía evolutiva, coexistión e responsabilidade compartida e na escola como fábrica de pensamentos, razoamentos, creación e flexibilidade.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1928-2003



Mercedes Ruibal

Pintora e escritora de gran vitalidade que a fixo viaxar e expoñer por medio mundo. Emigrada a Bos Aires, entra en contacto con intelectuais e artistas que a inician nos anos 50 na pintura para desenvolver unha obra caracterizada por un expresionismo moi persoal, irónico e crítico para proxectalo nas súas criaturas pictóricas dunha forma cándida e dorida á vez.



MÁS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1890-1956



Ernestina Otero

Mestra e pedagoga galega, pertenceu á Asociación Libre de Enseñanza. Foi designada pola Segunda República para poñer en marcha a reforma educativa que fomentara a coeducación e a creación de escolas. En 1933 asinou o manifesto da intelectualidade galega a prol do Estatuto de Autonomía e coa Guerra Civil Española foi separada da súa cátedra. Rehabilitada tras a guerra, porén foi represaliada inhabilitándoa para cargos directivos e de confianza.



MÁS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1935-2023

Carmen Segurana

Sindicalista de CCOO, naceu en Valencia pero se converteu en viguesa de adopción tras a súa chegada á cidade en 1969 para cuidar da súa irmá enferma Rosa. Entra en contacto coa clandestinidade comunista, comeza a traballar en CENSA en Vigo e impulsa a organización do Movemento Democrático de Mulleres na súa loita polas liberdades e pola dignidade da muller.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1964-2014



Begoña Caamaño

Escritora e xornalista nada no barrio vigués do Calvario, foi colaboradora das revistas feministas *Festa da Palabra Silenciada* e *DeLiberadaMente*, ademais de formar parte do consello de redacción da revista antimilitarista *Ar!*. Vinculada profesionalmente á radio, en 1989 comeza a traballar en Radio Galega como redactora en informativos e programas culturais. Foi presidenta do Comité Interempresas da CRTVG, e denunciou a manipulación informativa de sucesos de marcada relevancia para a sociedade galega.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1962-2003



Xela Arias

Poeta, tradutora, editora e profesora é coñecida polas súas obras *Tigres coma cabalos* e *Darío a diario*. En 1986 ingresou na Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. En 1996, tras retomar os seus estudos, licénciase en Filoloxía Hispánica. Residente en Vigo dende 1969, significouse por unha obra marcada pola independencia estilística e conceptual, onde a rebelión, a modernidade, a experimentación e a liberdade foron unha constante.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO





1963-2018

Berta Cáccamo


Pintora abstracta viguesa que creceu nun universo ligado á creación. Tras finalizar en 1986 os seus estudos de Belas Artes en Barcelona, vinculouse á corrente renovadora do grupo Atlántica. Profesora na Facultade de Belas Artes de Pontevedra. A súa obra está presente nos museos e coleccións particulares máis relevantes de Galicia. Está considerada como unha das pintoras españolas máis importantes da súa xeración.



MÁS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO





1988-

Susana Rodríguez Gacio

Médica e atleta viguesa, especializada en triatlón. Foi cinco veces campioa mundial de paratriatlón, catro veces campioa de Europa e medalla de ouro nos Xogos Paralímpicos de 2020 en Toquio. Estudou fisioterapia en Pontevedra e medicina en Santiago de Compostela. Licenciada en 2015 foi médica residente en 2016 no Hospital Clínico na especialidade de medicina física e rehabilitación.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO





1904-1989

María Araújo

Sindicalista, guerrilleira e política, coñecida tamén como María Carcaño e María a Guerrilleira. Tras emigrar a Cuba, vincúlase ao nacente movemento comunista da illa. En 1927 volta a Galicia e encabeza o Sindicato de Conserveiras ademais de militar no PCE. Tralo golpe de Estado de 1936 colabora coa guerrilla antifranquista. Detida e expulsada de España, regresa a Cuba onde loita contra a ditadura de Batista.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1929-2017

Xohana Torres

Poeta, narradora e dramaturga afincada en Vigo é unha referencia obrigada na historia da literatura galega da segunda metade do século XX. Forma parte daquelas xeracións de escritores e escritoras comprometidas coa lingua nos difíciles anos da ditadura franquista, que contribuíron á normalización da literatura galega tocando todos os xéneros. Ingresa na Real Academia Galega en 2001. Foi recoñecida co Premio da Crítica en 1980, polo poemario *Estacións ao mar*.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1944-2016



Dorotea Bárceña

Actriz, dramaturga e directora de teatro, nada en Oviedo pero que iniciou a súa formación e actividade profesional en Vigo onde funda en 1970, xunto a Xulio Lago, o grupo Esperpento Teatro Xove, un dos grupos máis activos do incipiente teatro independente galego. Foi directora do Centro Dramático Galego. Os seus traballos están marcados pola inmediatez da posta en escena, pero tamén pola necesidade de crear historias desde a perspectiva da muller e de contalas utilizando outro punto de vista.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1939-



María Xosé Queizán

Escritora viguesa, catedrática de lingua e literatura galega, e unha das figuras máis relevantes do movemento feminista na Península Ibérica. O seu labor como escritora diversifícase en todos os xéneros e estilos: novela, conto, ensaio, teatro e poesía; tamén é tradutora. Os seus ensaios feministas tratan temas tan controvertidos como a colonización sexual das mulleres, o cuestionamento da maternidade biolóxica e a reflexión sobre a escrita non androcéntrica.



MÁS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO



1910-1939

María Antonina Sanjurjo Aranz



Pioneira do deporte galego, xogadora de hóckey sobre herba, fundadora en 1932 do Atlántida Hóckey Club de Vigo e considerada "nai" do hóckey herba en Galicia. Titulouse como profesora mercantil e en EEUU obteu o título de "máster" en Xeografía. O seu compromiso con Galicia levouna a asinar un manifesto de mulleres universitarias no que se solicitaba o voto para o Partido Galeguista que defendía á muller en igual plano que ao home en privilexios e dereitos.



MÁIS INFORMACIÓN
TEXTOS EN CASTELLANO
ENGLISH TRASLATIONS

CONCELLO
DE VIGO

